



**RESOLUCIÓN** do 12 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira para o ano **2017**.

### **Antecedentes**

O día **28.09.2016** ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia a solicitude, en formato papel, do Plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2016.

O día **27.10.2016** reuníuse, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)). Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmallé dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a)) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b)).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartados 2 establece que o Plan de xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.

O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

O día **13.10.2016**, os técnicos investigadores do Centro de Investigacións Mariñas (Cima) emitiron informe respecto ao Plan de Xestión Integral presentado.

O día **07.12.2016**, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable ao documento resultante como Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano **2017** tralas deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día **27.10.2016**.



De acordo con todo o anterior, resolvo

**Aprobar o Plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2017.**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación da mesma, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Juan Carlos Maneiro Cadillo

